

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 2 DE XUÑO DE 2008

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

- 931/08.- M<sup>a</sup> Teresa Balboa Rodríguez.-** Legaliz. viv. unifamiliar executada na Rúa de Meixonfrío, núm. 10.-
- 133/08.- M<sup>a</sup> Consuelo García Gambino.-** Rehabilitación viv. unifamiliar existente na Rúa de Vidán núm.9.-
- 534/07.- M<sup>a</sup> Concepción Asorey López.-** Edificio (2 viv.) en Monte dos Postes, núm.33.-
- 395/08.- M<sup>a</sup> Cruz Enjo Mallou.-** Legaliz. de modificacións executadas na viv. unif. realizada no Lugar de Folgoso, Sta M<sup>a</sup> de Figueiras, na parcela núm.70 de concentración parcelaria.-
- 1485/07.- Juan Carlos Doce Otero.-**Viv. unif. en Rúa da Xesteira, Aríns.-
- 310/07.- Juan Serrano Barrientos.-** Legaliz. De modificacións executadas na rehabilitación levada a cabo na vivenda sita na Rúa Castrón D`Ouro núm.22.-
- 154/08.- Residencial Cambrils, S.A.-** Derruba do edificio sito no Avío de Abaixo núm.27.-
- 372/08.- Residencial Cambrils, S.A.-** Edificio (25 viv.) na Rúa do Avío núm.27.-
- 98/08.- Construcciones y Promociones Pepe Noya, S.L.-** Derruba edificio sito na Avda. do Cruceiro da Coruña núm.80.-

#### **DENEGADAS.-**

- 859/08.- Promociones Blanco Barreiro.-** 12 viv. unifamiliares illadas na Rúa Sarela de Abaixo.-

#### **PARCELACIÓNS.-**

- 471/08.- José Rodríguez Vilas.-** Parcela sita no Lugar de Vilamaior, Labacolla, sinalada co núm. 2.511 do plano de concentración de Sabugueira-Carballal (+).-

#### **DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-**

- 1237/05.- Marcos Esparíz Fernández.-** Expte..1237/05.....8.000 €.....Substitución de aval, xa depositado, por outro do mesmo importe e doutra entidade bancaria.
- Lap/213/05.- Banco Popular Español, S.A.-** ...Expte..1480/05.....2.000 €.-

#### **AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-**

- 2292/07.- Sat Visonos Bermúdez.-** Legaliz. de ampliación executada na granxa de visóns sita no Lugar de Coto de Casais, Lavacolla (-).-
- 1090/07.- Eduardo Otero Regueiro.-** Recheo de finca no Lugar de Bargo, A Peregrina (+).-
- 1974/07.- Justino Pozo Abuín.-** Construcción de alpendre en solo rústico en Camiño dos Vilares núm.244 (+).-

#### **CORRECIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 07 DE ABRIL DE 2008**

- 73/08.- Promociones y Gestiones del Tambre, S.L.-** Parcela sita na Rúa de A Cierva núm.17-19.-

#### **APERTURAS.-**

- Lap/47/08.- Almacenes GPB, S.L.-** Restaurante no Lugar de Sarela de Abaixo, núm. 22.-
- Lap/265/06.- Tórculo Artes Gráficas, S.L.-** Apertura de industria de impresión en Vía Edison núm.33-35.-

## **OCIHR**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/ 2033/2007.- MANUEL NOYA SUAREZ.-** Reparación de tellado na Rúa Carmen de Abaixo nº 14.-

**LIC/286/2005.- PROMOCIONES CAVYDO 21.-** Modificación de licenza concedida na sesión de 5 de febreiro para variacións interiores na distribución de pranta soto e na entrada do local sito na pranta baixa do edificio sito na Rúa Hórreo nº 29.

#### **6.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Concédense axudas por un total de 3.900 euros.

#### **7 a 32. Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana; na auga, saneamento e lixo; e no imposto sobre bens inmobles.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

#### **33.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das listas provisionais de admisión e de espera nas escolas infantís municipais de Conxo e de Fontiñas. Curso 2008-2009.**

Apróbanse as listas provisionais, que estarán expostas no taboleiro xeral do Concello de Santiago e na Concellería de Educación.

#### **34.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamentos e actividades derivadas do III Certame de Danza "Compostela en danza".**

Apróbanse as actividades e un orzamento de 3.776 euros para esta actividade, que se celebrará o 8 de xuño.

#### **35.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación de actividades para o desenvolvemento da Escola Municipal de Verán 2008.**

Apróbase a proposta de actividades e un orzamento para as mesmas de 18.000 euros.

#### **36.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á celebración da VI XORNADA DO GRUPO DE TRABALLO REDE TEMÁTICA.**

Apróbanse os gastos derivados da devandita actividade, a celebrar os días 5 e 6 de xuño, que ascenden a 3.813 euros.

#### **37.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude dunha subvención para o mantemento da Escola municipal de música.**

Acórdase a solicitude da devandita subvención, de 32.000 euros, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**38.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á celebración das actividades "ENSINEMOS AOS ESCOLARES A SALVAR VIDAS".**

Apróbase a proposta de organización desta actividade na praza da Quintana o xoves 5 de xuño.

**39.- Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Española de Estudos Sociais e Sanitarios para a realización do Prácticum do/as alumno/as que participan no "Master/Experto en dependencia e Xestión de Servizos Sociais".**

Apróbase a sinatura do devandito convenio, sempre e cando a colaboración quede supeditada ás necesidades do servizo en relación co desenvolvemento do traballo profesional.

**40.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel relativa á apertura de prazo para solicitude das autorizacións para a concesión de uso das hortas municipais no parque de Belvís, nomeamento da Comisión encargada de avalialas e documento para formalizar as concesións de uso propostas.**

Acórdase establecer como prazo para formular as solicitudes de autorización o comprendido entre o 4 e o 7 de xuño, ambos inclusive. Os solicitantes deberán entregar a documentación no Rexistro Xeral do Concello. Tamén se procede á validación das solicitudes formuladas no período habilitado para a preinscrición no programa (15 ao 26 de febreiro). Noméase a comisión encargada de avaliar as solicitudes e fíxase o sorteo público a que se refire o artigo 5 da Ordenanza para o mércores 11 de xuño, ás 20:00 horas, no Centro Sociocultural da Trisca. Finalmente, apróbase o modelo de documento para formalizar as concesións de uso das propostas.

**41.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización de uso dos campos municipais do Estadio de San Lázaro e San Lázaro II para desenvolver o IV ENCONTRO DEPORTIVO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE PEDRIATRÍA.**

Autorízase, con carácter gratuito, o uso dos referidos equipamentos o venres 6 de xuño, ao tratarse dunha actividade lúdico-recreativa na que participarán diferentes colexios da cidade.

**42.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á participación do Concello na Festa do Deporte.**

Apróbase a participación do Concello nesta actividade coordinada pola Xunta de Galicia, así coma un orzamento para mesma de 4.000 euros.

**43.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento de funcionario de carreira correspondente á oferta de emprego do ano 2006.**

Noméase a un funcionario de carreira como administrativo de administración xeral.

**44.- Adxudicación do Servizo de Dirección Facultativa e Coordinación de Seguridade e Saúde das Obras de Urbanización da Unidade de Xestión UX-16 de Santas Mariñas.**

Adxudícase o devandito servizo a José Manuel Regueiro Grela, por importe de 16.458 euros.

**45.- Adxudicación das Obras de reposición de pavimento nas rúas Preguntoiro, Via Sacra, Praza Fonterrabía, Toural, Porta Faxeira e outras rúas do casco histórico.**

Adxudícanse as obras á empresa CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA S.L., por importe de 39.695 euros.

**46.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á realización de diversos servizos docentes para a impartición do curso de "Instalador de sistemas de enerxía solar térmica".**

Apróbase a realización de catro servizos docentes para cubrir a devandita actividade, cun custo total de 17.820 euros.

**47.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación dunha reserva de crédito para sufragar os gastos do desenvolvemento do programa de prevención: "Formación do Profesorado", correspondente ao primeiro semestre do ano 2008.**

Apróbase unha reserva de 2.713 euros para a devandita actividade.

**48.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á prórroga da adscrición á Concellaría de Benestar Social do inmovible situado sobre o aparcadoiro da Praza de Galicia.**

Adscríbese de novo, por un período dun ano, o devandito inmovible, unha vez finalizado o período de adscrición actual, que remata o 3 de xullo de 2008.

**49.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación dunha reserva de crédito para sufragar os gastos do desenvolvemento do programa de prevención dentro do concepto "Dialogo a tres voces", correspondente ao primeiro semestre do ano 2008.**

Apróbase unha reserva de crédito de 1.916 euros para devandito programa.

**50.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao inicio da expropiación por taxación conxunta das parcelas exteriores ao solo urbanizable programado número 1 (SUP-1) necesarias para completar a zona libre pública do Plan parcial de Romero Donallo.**

Acórdase iniciar, en beneficio da Xunta de Compensación, o procedemento de expropiación de dúas parcelas limítrofes co ámbito do SUP-1, necesarias para executar a zona libre pública prevista no Plan parcial do sector.

**51.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Apróbase definitivamente o devandito proxecto de urbanización, segundo o proxecto presentado pola Xunta de Compensación o 22 de novembro de 2007, e documentación reformada presentada en abril de 2008. Ademais, requírese á Xunta de Compensación para que presente un documento que integre as modificacións na rede de abastecemento e saneamento que se presentaron en abril de 2008.

**52.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á atribución a EMUVISSA da totalidade do aproveitamento urbanístico resultante da execución do sector de solo urbanizable non programado número 5 (SUNP-5) da Muíña.**

Acórdase estimar a petición de EMUVISSA e atribuír á mesma a totalidade do aproveitamento urbanístico. Esta atribución efectúase con carácter instrumental á encomenda de xestión outorgada á devandita sociedade para a execución do mencionado sector a través do sistema de expropiación e con destino á construción de vivendas de protección pública.

**53.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle para a instalación de ascensores nos edificios números 6, 8, 10, 12 e 14 da rúa Dr. Maceira.**

Apróbase inicialmente o devandito estudio de detalle, segundo o proxecto presentado pola comunidade de propietarios do edificio nº14 da mencionada rúa o 27 de maio.

**54.- Dar conta da sinatura do Acordo marco de cooperación para a promoción e apoio á comercialización turística no exterior, do grupo de cidades PATRIMONIO DA HUMANIDADE DE ESPAÑA, e do Plan anual de actuación 2008.**

Dáse conta do convenio.

**55.- Dar conta de corrección de erro producido no punto número 58 da sesión de 28.04.08, relativo á prórroga dun contrato de prestación de servizos.**

Procédese á corrección do erro.

URXENCIAS

1.- Adxudícase provisionalmente o Servizo de desenvolvemento das actividades da Escola de Verán de Ingles á empresa PICADILLY SCHOOL OF ENGLISH S.L., por importe de 29.970 euros.

2.- Apróbanse os pregos de cláusulas técnicas e prescricións administrativas para a contratación da subministración e posta en marcha dunha rede Wimax no Casco Histórico, así como a súa xestión, mantemento e explotación. Iníciase o expediente para a citada contratación, establecéndose como tipo de licitación 471.283 euros para a contratación da subministración da rede e posta e marcha dos servizos, e de 20.000 euros/ano para a xestión, matemento e explotación da rede.

3.- Apróbase o prego de condicións e o desenvolvemento das actividades do programa Ferradura Aberta 2008, así como o seu orzamento, 51.000 euros. Iníciase o expediente de contratación do servizo.

4.- Acórdase presentar perante a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiación Territorial do Ministerio de Facenda a solicitude do "Proxecto de Rexeneración do Monte de Dios", cun orzamento de 180.303 euros. O proxecto conta cun financiamento de 126.212 euros procedentes do FEDER. A data de finalización prevista é decembro de 2008.

5.- Apróbanse as liquidacións do ano 2007 do servizo de transporte urbano ás empresas TRANSPORTE MOSQUERA, S.L.(213.479 euros); HERMANOS FERRÍN, S.L. (64.159 euros); AUTOS CARBALLO S.A. (134.830 euros); E TRALUSA (593.656 euros).

6.- Apróbase unha actualización de acordo co IPC real xeral do ano 2007, sobre a facturación de 2008 da empresa adxudicataria do servizo de transporte urbano, TRALUSA.